



Concello de Vigo

D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 18 de xuño de 2020**, adoptou o seguinte acordo:

10.- MODIFICACIÓN DAS BASES 1^a E 14^a DA CONVOCATORIA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTADÍAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO PARA ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, ANO 2020. EXPTE. 23807/332.

Visto o informe de fiscalización do 15/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 10/06/2020, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, axefa do servizo de Educación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 07 de novembro de 2019, acordou aprobar as Bases Reguladoras da Convocatoria de bolsas “Concello de Vigo” para estadías lingüísticas no estranxeiro para o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), ano 2020, de acordo co texto que se achega no expediente.

2.- As bases e extracto desta convocatoria municipal foron publicadas no BOP nº 220 do 15/Novembro/2019.

3.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 06 de febreiro de 2020 acordou aprobar a resolución da convocatoria e a adxudicación das 98 bolsas “Concello de Vigo” ao alumnado beneficiario da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para o ano 2020.

4.- De conformidade co recollido na Base 1^a “obxecto e finalidade” reguladora da antedita convocatoria: *“O programa deberá realizarse, dentro do ano 2020, e nunca despois do remate do mes de setembro do ano 2020”.*

De conformidade co recollido na Base 14^a “xustificación e pagamento” reguladora da antedita convocatoria: *“En calquera caso a xustificación completa do importe concedido coa bolsa, deberá realizarse polo beneficiario/a antes do remate do mes de setembro do ano 2020.”*

En consecuencia, tal como recolle o punto 7º do Extracto desta convocatoria publicada no BOPPO nº 220 do 15/Novembro/2019 (Nº identificación na Base Nacional de Subvencións BDNS 481256), o alumnado da EOIV beneficiario/a das bolsas deberá xustificar antes do 30 de setembro de 2020 (incluído).

5.- Como consecuencia da extensión a nivel mundial da pandemia e crise sanitaria ocasionada polo Covid-19 e as súas negativas consecuencias, o alumnado da EOIV beneficiario/a destas bolsas municipais atopouse nun escenario de excepcionalidade durante a vixencia do estado de alarma que imposibilitou poder viaxar para desenvolver as estadías lingüístico-formativas no estranxeiro, deixando un prazo insuficiente e moi reducido para a realización das estadías lingüísticas e a súa obrigatoria xustificación antes do 30 de setembro de 2020.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:08	Páxina 1 de 3
SUBVENCIONS	CSV: AEA14D-CBDE22-2DA639-5JAE1J-NVBY16-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O complicado contexto actual, condiciona e dificulta o desenvolvemento óptimo destas estadias lingüístico-formativas, nas que cómpre que este alumnado beneficiario teña plenas garantías nas condicións sanitarias e de seguridade, e que a mobilidade internacional non teña limitacións ou restricións que impidan a planificación e reserva das viaxes, a selección e disponibilidad de academias formativas e aloxamentos en destino.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro- O Real Decreto Lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoitan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao Covid-19, recolle no artigo 54.1 "Medidas en materia de subvencións e axudas públicas" que "Nos procedementos de concesión de subvencións, as ordes e resolucións de convocatoria y concesións de subvencións e axudas públicas previstas no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que xa tiveran sido outorgadas no momento da entrada en vigor do R.D. 463/2020 poderán ser modificadas para ampliar os prazos de execución da actividade subvencionada e, no seu caso, de xustificación e comprobación de dita execución, inda que non se tivera contemplado nas correspondentes bases reguladoras.

A estes efectos, o órgano competente deberá xustificar unicamente a imposibilidade de realizar a actividade subvencionada durante a vixencia do estado de alarma así como a insuficiencia do prazo que reste logo da súa finalización para a realización da actividade subvencionada ou a súa xustificación ou comprobación".

Como se expón nos antecedentes desta proposta a crise sanitaria imposibilitou que os beneficiarios/as destas bolsas municipais pudesen viaxar aos distintos países de destino para desenvolver a estadia formativo-lingüística.

Polo tanto, nos procedementos de concurrencia competitiva como o que nos ocupa das bolsas municipais 2020 para o alumnado da EOIV, onde a subvención foi concedida con anterioridade á entrada en vigor do RD que declara o estado de alarma, as bases da convocatoria poden ser modificadas para ampliar os prazos de execución e xustificación da actividade subvencionada.

Segundo.- Tendo en conta o interese xeral do alumnado da EOIV beneficiario das bolsas municipais para estadias lingüísticas no estranxeiro 2020, parece razoable aprobar unha prórroga de 2 meses para a realización e xustificación das bolsas concedidas polo Concello de Vigo, que permita ao alumnado beneficiario contar con prazo suficiente para desenvolver e xustificar o obxecto da subvención.

En consecuencia, estímase convinte modificar a base 1ª "obxecto e finalidade" e a base 14ª "xustificación e pagamento" das bases específicas para o desenvolvemento das bolsas "Concello de Vigo" 2020 para estadias lingüísticas no estranxeiro do alumnado da EOIV, que quedarán redactadas nos seguintes termos:

- Base 1ª "Obxecto e finalidade":
"O programa deberá realizarse, dentro do ano 2020, e nunca despois do remate do mes de novembro de 2020".
- Base 14ª "Xustificación e pagamento":
"En calquera caso a xustificación completa do importe concedido coa bolsa, deberá realizarse polo beneficiario/a antes do remate do mes de novembro de 2020".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:08	Páxina 2 de 3
SUBVENCIONS	CSV: AEA14D-CBDE22-2DA639-5JAE1J-NVBY16-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Á vista do exposto, coa conformidade do Concelleiro de educación e xuventude, e segundo o disposto no artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Modificar a base 1ª e 14ª das BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS BOLSAS CONCELLO DE VIGO 2020 PARA ESTADÍAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO, que quedarán redactadas como segue:

- Base 1ª “Obxecto e finalidade”:
“O programa deberá realizarse, dentro do ano 2020, e nunca despois do remate do mes de novembro de 2020”.
- Base 14ª “Xustificación e pagamento”:
“En calquera caso a xustificación completa do importe concedido coa bolsa, deberá realizarse polo beneficiario/a antes do remate do mes de novembro de 2020”.

Segundo.- Dispoñer a publicación deste acordo no BOPPO.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 16:08	Páxina 3 de 3
SUBVENCIONS	CSV: AEA14D-CBDE22-2DA639-5JAE1J-NVBY16-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>